

UN BECHO ETRAÑO

Texto de MON DAPORTA

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Cartón duro. 17,5 x 22 cm. 14 páx. 9 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA PORTUGAL

Un becho extraño (galego)

ISBN 978-84-8464-434-7. Acartonados. Prelectores.

Un bicho extraño (castelán)

ISBN 978-84-8464-351-7. Acartonados. Prelectores

Una estranya bestiola (catalán)

ISBN 978-84-16804-29-0. Cartró. Prelectors.

Piztia arraro bat (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-611-0. Kartoizko orriak.

Um bicho estranho (portugués)


ISBN 978-989-8205-16-2. Cartonados. Preleitores.

Buffa bestia (italiano)

ISBN 978-88-95933-58-0. Cartonati. Prelettori.

*Mira que mira mirando,
atopei un becho extraño,
coa feitura dun ovo:
gordo arriba, abaixo fraco.
Tiña por riba dous pés,
entre os pés un longo rabo...*

“Un becho extraño” é un libro de pequeno formato que segue a fórmula dos chamados *contos sen fin*. Un conto para contar, no que son fundamentais a rima e o ritmo, a partir dunha estrutura de oito sílabas, que se mantén ao longo de todo o relato. Malia a súa sinxeleza dende o punto de vista literario e artístico, este libro destaca polo “xogo” que dá cos nenos e nenas, que descubrirán con el a función lúdica da lectura. Porque pasando as páxinas ata o final e dándolle a volta ao conto...



- **Temática:** conto rimado sobre un becho, ao principio descoñecido.
- **Idade recomendada:** pre-lectores, dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** conto sen fin; xirando o libro, o conto volve comezar; texto rimado; ilustracións sinxelas que contrastan co fondo; tipografía integrada na ilustración; do ilustrador da colección “Do berce á lúa”, “O coelliño branco”, “A cebra Camila”, “Amora”, “Animais de compañía”, “O Rei Oso Branco”, “Non hai escapatoria” e o libro-disco “Canta connosco!” (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-becho-extranho-g>

Mon Daporta

(Cambados, 1952)

Foi docente de Educación Primaria. Formou parte do colectivo pedagóxico Candea, que se dedicou a organizar cursos de formación e actividades para educadores. É autor de varios libros infantís. Participou na elaboración de enciclopedias temáticas e libros de divulgación sobre o medio galego.

Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes, na especialidade de Pintura. Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, “O coelliño branco” (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre as obras que ilustrou para varias editoriais destacan a colección “Do berce á lúa”, os álbums “Un becho extraño”, “A Cebra Camila”, “Amora”, “Animais de compañía” e os libros de relatos “O Rei Oso Branco” e “Non hai escapatoria” (KALANDRAKA). Nesta editora tamén dirixe a colección de arte “Alfabetos”. Ademais, realiza traballos de escultura, fotografía e deseño de carteis.

<http://ovillan.com>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com